

AUDIOVISUAL	A contaminación atmosférica: quen a xera e como pode minimizarse
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> · Coñecer que é a contaminación atmosférica · Mostrar que determinan as autoridades como valores de contaminación atmosférica · Coñecer quen son os principais axentes xeradores desta contaminación · Coñecer as medidas redutoras e paliativas desta contaminación
Contidos	A través deste audiovisual coñeceremos cales son os alcores permitidos respecto ás emisións atmosféricas. A partir de superar estes valores, as consecuencias na nosa calidade de vida e as repercusións na nosa saúde. Por último, as responsabilidades das autoridades e de cada un dos cidadáns.
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	<p>Detrás da complexidade da formulación química dun problema de contaminación atmosférica hai accións humanas: hábitos, industrias, ocio, etc.</p> <p>Todos temos a nosa parte de culpabilidade porque o noso desmedido consumo provoca niveis de emisións que se tornan insás nas capas altas da atmosfera.</p> <p>Repasaremos e charlaremos con textos e vídeos tanto destes indicadores coma das medidas de política local, global e individual que debemos adoptar para contribuír a reducir esta contaminación.</p>
Recursos necesarios	Aula, pantalla de proxección, ordenador portátil, proxector LCD
AUDIOVISUAL	A contaminación acústica: quen a xera e como pode minimizarse
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> · Coñecer que fixan as autoridades como contaminación acústica · Coñecer os indicadores utilizados para valorar os ambientes contaminados acusticamente · Coñecer quen é os principais axentes xeradores desta contaminación · Coñecer as medidas redutoras e paliativas desta contaminación.
Contidos	Valores máximos permitidos respecto ás emisións acústicas. Consecuencias do ruído na nosa calidade de vida. A nosa responsabilidade como cidadáns respecto a unha mellor calidade do noso ámbito acústico.
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	Nos países setentrionais europeos os niveis de contaminación acústica alcanzan cotas moi altas. Mediante vídeos, opinións autorizadas, conclusións científicas e evidencias diarias coñeceremos a seriedade de este problema.
Recursos necesarios	Aula, pantalla de proxección, ordenador portátil, proxector LCD
TALLER	Indicadores da calidade do aire
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> · Coñecer que indicadores fixan a calidade do aire óptima e cales determinan a necesidade de medidas de control · Que hábitos ou industrias xeran a contaminación da nosa atmosfera

	<ul style="list-style-type: none"> · Coñecer a influencia deste tipo de contaminación nos nosos órganos sensoriais e na nosa saúde.
Contidos	Indicadores que determinan a calidade atmosférica do noso ámbito. Medidas para preservar a nosa saúde.
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	Veremos como algo tan inmenso como a atmosfera pode verse influenciado por partículas tan pequenas. Mediante fichas, vídeos na aula e cuestionarios chegaremos a inquietantes conclusións acerca da nosa a calidade do aire atmosférico no Planeta. Podemos deducir o mesmo do noso ambiente local?
Recursos necesarios	Aula, pantalla de proxección, ordenador portátil, proxector LCD, fichas e táboas de comparativas.
TALLER	Elaborar un mapa acústico: comparacións entre un espazo non degradado e un espazo ruidoso
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> · Coñecer que é o ruído. As distintas percepcións deste. Diferenzas entre xeracións, países e cidadáns. · Coñecer cando o ruído é completamente insán. · É posible un consenso respecto ao ruído?
Contidos	Os distintos indicadores técnicos sobre o ruído determinan cando o ruído é intolerable e supón un prexuízo vital evidente, degradando a nosa saúde. Ao respecto hai un consenso científico e unhas medidas aprobadas polos gobernos, institucións internacionais políticas e científicas. Repasaremos estas cuestións e coñeceremos a realidade da nosa cidade que plasmaremos no noso mapa de ruído.
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	Os mapas de ruído son bases técnicas sobre as que abordar as políticas de saúde atmosférica na parte acústica do problema. Como se elaboran e realizar o noso, a partir de distintos indicadores servidos na aula, será a tarefa que desenvolver neste taller.
Recursos necesarios	Follas de indicadores de decibelios, fichas técnicas, planos, situacións de puntos quentes nos distintos barrios...
Obxectivos	Aula, pantalla de proxección, ordenador portátil, proxector LCD, fichas e táboas de comparativas, mapa urbano e de barrios...
VISITA	O SISTEMA DE CONTROL DO AIRE DA CORUÑA (PARQUE DE SANTA MARGARIDA)
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> · Descubrir o funcionamento e os parámetros estudados nas Estacións de Vixilancia da Calidade do Aire na Coruña. Cantas e cales son na nosa cidade. · Dar a coñecer indicadores naturais da contaminación atmosférica que están a noso arredor: liques e plantas alértanos. · Coñecer e demandar a obrigatoriedade das autoridades de controlar a calidade do aire que respiramos.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> · O ruído percibido directamente na rúa. · Medición do son: os decibelios. · Niveis de ruído e efectos á súa exposición. · Medición de parámetros meteorolóxicos nas casetas do Aire. · Medición da contaminación atmosférica · Indicadores naturais da contaminación atmosférica.
Desenvolvemento da actividade e	A través dun percorrido camiñando polo Parque de

metodoloxía	Santa Margarida imos coñecer interesantes cuestións acerca da contaminación atmosférica. Alí visitaremos a Estación de Calidade do Aire. Os participantes, a través dunha ficha de traballo, realizarán unha toma de datos de diferentes parámetros ambientais para ser analizados posteriormente no taller.
Recursos necesarios	Fichas de toma de datos
VISITA	OBSERVATORIO da AEMet na nosa cidade
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> · Coñecer os labores que desenvolve a Axencia Española de Meteoroloxía para o estudo da atmosfera. · Coñecer como a AEMet desenvolve os servizos meteorolóxicos de competencia do Estado e o apoio das políticas públicas e actividades privadas relacionadas coa meteoroloxía. · Entender a tarefa que desenvolve a AEMet como unha contribución á seguridade de persoas e bens e ao benestar e desenvolvemento sostible. · Coñecer a AEMet como autoridade meteorolóxica aeronáutica.
Contidos	O estudo científico da atmosfera. Obtención de datos e análise dos mesmos. Funcións da AEMet. Importancia do coñecemento da atmosfera.
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	A actividade desenvólvese nas propias instalacións da AEMet da nosa cidade. Facemos un percorrido polas instalacións do servizo meteorolóxico onde os participantes poden coñecer o seu Xardín Meteorolóxico ou estar presentes na solta diaria dun globo aerostático de control do tempo atmosférico. Descubrirán ademais as experiencias relacionadas coa atmosfera e o clima que desenvolve o persoal técnico e científico desta sede